

Convenio colectivo de Frigoríficos de Galicia, S.A., Frigalsa (Anos 2004-2006)¹

Artigo 1º.-Ámbito de aplicación.

Este convenio regulará as condicións laborais e económicas da empresa Frigoríficos de Galicia, S.A. (Frigalsa), afectando a todos os traballadores que actualmente prestan os seus servizos nela, así como aqueles que sexan admitidos posteriormente, coa aclaración indicada no artigo 4º.

Artigo 2º.-Vixencia e duración.

O presente convenio entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2004 e rematará o 31 de decembro de 2006, sendo prorrogado se non existise denuncia expresa por algunha das partes, cun mes de antelación ao seu vencemento.

Artigo 3º.-Incremento salarial.

Para o ano 2004, a táboa salarial vixente durante o ano 2003, verase incrementada no IPC previsto polo Goberno ao confeccionar os orzamentos xerais do Estado para ese ano máis 0,5 puntos de mellora. Se este incremento fose superado polo IPC real sinalado polo INE, regularizaranse as táboas no que o IPC real supere o previsto, aboándose as diferenzas con efecto retroactivo a 1 de xaneiro de 2004.

Para o ano 2005, a táboa salarial vixente durante o ano 2004, verase incrementada no IPC previsto polo Goberno ao confeccionar os orzamentos xerais do Estado para ese ano máis 0,6 puntos de mellora. Se este incremento fose superado polo IPC real sinalado polo INE, regularizaranse as táboas no que o IPC real supere o previsto, aboándose as diferenzas con efecto retroactivo a 1 de xaneiro de 2005.

Para o ano 2006, a táboa salarial vixente durante o ano 2005, verase incrementada no IPC previsto polo Goberno ao confeccionar os orzamentos xerais do Estado para ese ano máis 0,7 puntos de mellora. Se este incremento fose superado polo IPC real sinalado polo INE, regularizaranse as táboas no que o IPC real supere o previsto, aboándose as diferenzas con efecto retroactivo a 1 de xaneiro de 2006.

Artigo 4º.-Condicións absorbibles.

Terán carácter de absorbibles e compensables en cómputo anual coas condicións aquí establecidas, as melloras económicas e sociais que por calquera disposición e durante a vixencia deste convenio puidesen establecerse.

Artigo 5º.-Xornada de traballo.

A xornada efectiva de traballo, para todo o persoal da empresa, será de 1.800 horas anuais, distribuídas de luns a venres en xornada partida de 8.00 a 13.00 e de 15.00 a 18.00 horas, a excepción do novo persoal que poida contratarse a partir do 1 de xaneiro de 1987, cun horario que será a convir entre a empresa e o novo traballador. A xornada semanal tipo será de 40 horas ou aquela que se acorde nos traballos a quenda.

Artigo 6º.-Vacacións.

O descanso anual retribuído será de 30 días naturais, entre os que, polo menos, 22 serán laborables, entendendo como tales a estes efectos os que non sexan sábados; domingos nin festivos. O seu uso realizarase, preferentemente, no período estival e segundo as necesidades do traballo na empresa, efectuándose dentro do persoal unha quenda rotativa en canto á prioridade de solicitar a época do seu uso.

¹ Publicado no DOG núm. 230, do 25 de novembro de 2004.

A empresa publicará o cadro de vacacións de todo o persoal no mes de febreiro de cada ano e entregará unha copia del ao comité de empresa. A retribución do período de vacacións consistirá na totalidade do soldo percibido no mes anterior a excepción das horas extras e o complemento de transporte.

Artigo 7º.-Licenzas.

A empresa concederá obrigatoriamente licenza aos traballadores que o soliciten e o xustifiquen debidamente, sen perda nin prexuízo na retribución nos seguintes casos:

- a) Matrimonio, quince días.
- b) Nacemento de fillos ou enfermidade grave do cónxuxe; pais ou fillos, dous días, todo isto ampliable a tres días máis se se xustifican debidamente a súa necesidade e sen retribución.
- c) Falecemento de: cónxuxe; pais; fillos e irmáns (consanguíneos ou políticos), tres días, dos demais parentes un día.
- d) Por traslado de domicilio habitual, dous días.
- e) Matrimonio de fillos ou irmáns, un día.
- f) Un día ao ano para asuntos propios. Neste caso, o traballador deberá comunicarlle á empresa cunha antelación dunha semana. Non poderá solicitarse un día libre para asuntos propios que coincida co solicitado por outros compañeiros da mesma unidade de traballo.
- g) 8 horas anuais para asistencia ao médico. Deberán acreditarse mediante xustificante.
- h) A empresa concederá permisos non retribuídos aos traballadores que o soliciten polo menos con tres días de antelación, e sempre que as exixencias do servizo así o permitan, estea suficientemente xustificado, e poidan ser debidamente substituídos, establecéndose un máximo de cinco días laborables, non podendo coincidir máis de dous traballadores no mesmo período.

Artigo 8º.-Antigüidade.

Pagarase por cuadrénios, de acordo cos importes correspondentes a cada categoría segundo se indica na táboa salarial anexa.

Artigo 9º.-Vestuario.

A reposición do vestuario do persoal será anual e efectuarase no mes de xaneiro de cada ano.

En canto ao persoal fixo-descontinuo, entregaranse as pezas de roupa de traballo cada vez que realice o total de xornadas correspondentes ao ano de traballo (225 xornales).

Artigo 10º.-Pagas extraordinarias.

As pagas extraordinarias serán tres no ano da contía, cada unha, de 30 días do salario real máis antigüidade e devengarase no 15 de marzo; 15 de xullo e o 15 de decembro de cada ano.

Artigo 11º.-Complemento de transporte e distancia.

Establécese un complemento de transporte e distancia na contía total de 1,38 euros por un día efectivo de traballo.

Artigo 12º.-Complemento prestacional.

A empresa complementará ata un cento por cento a prestación correspondente á Seguridade Social, nos supostos de incapacidade temporal, derivada da continxencia de accidente de traballo e enfermidade profesional.

Así mesmo, a empresa completará ata un cento por cento a prestación correspondente á Seguridade Social a aqueles traballadores que sufran unha intervención cirúrxica e o acrediten debidamente.

Constituirase un comité de control de enfermidades, composto por dous membros do comité de empresa e dous da dirección, co obxecto de que os traballadores en situación de incapacidade temporal derivada de enfermidade común cunha duración superior a 90 días, poidan, a partir do día 91, percibir o cento por cento da prestación correspondente á Seguridade Social, para o que terá que existir acordo entre ambas as dúas partes, caso contrario non procederá o dito beneficio.

Artigo 13º.-Horas extraordinarias.

Ante a grave situación de paro existente e co obxecto de facilitar o emprego, quedan suprimidas as horas extraordinarias habituais.

Exceptúase da norma anterior:

a) As horas extraordinarias exixidas pola reparación de sinistros u outros danos extraordinarios e urxentes, así como os casos de risco de perda de materias primas e terminación de tarefas de carga e descarga de produtos perecedoiros, neste caso, igualmente por causa extraordinaria non habitual, cun tope máximo dunha hora diaria, será de obrigada realización.

b) As horas extraordinarias que teñan causa en pedidos ou períodos punta de produción, ausencias imprevistas, cambios de quendas e outras circunstancias de carácter estrutural derivadas da natureza perecedoira das materias que se tratan así como a subministración de xeo aos barcos pesqueiros, manteranse sempre que non caiba a utilización das distintas modalidades de contratación temporal ou parcial previstos nas disposicións xerais.

A dirección da empresa informará mensualmente o comité de empresa ou os delegados de persoal sobre o número de horas extraordinarias realizadas, especificando as causas e, se é o caso, a distribución por seccións. Así mesmo, en función desta información e dos criterios anteriormente sinalados, a empresa e os representantes dos traballadores determinarán o carácter e natureza das horas extraordinarias.

En aclaración do concepto de hora estrutural que contén o A.I., serán consideradas como tales: as exixidas para a reparación de sinistros ou outros danos extraordinarios; as necesarias a realizar ante un risco de perda materias primas e terminación de tarefas de carga e descarga de produtos perecedoiros; e as necesarias para atender a períodos punta de produción.

Artigo 14º.-Valor das horas extraordinarias.

O valor de cada hora extraordinaria será de 9,37 euros excepto as traballadas en sábados e festivos que será de 17,19 euros. A partir das 22.00 horas, as horas extraordinarias terán un valor de 21,48 euros, nos sábados e festivos, e de 11,73 euros, nos restantes días.

Artigo 15º.-Revisión médica.

A empresa porá á disposición de todo o persoal unha revisión médica anual.

Artigo 16º.-Descanso de bocadillo.

Todo o persoal terá dereito a un descanso retribuído de 10 minutos, comprendidos entre as 10.00 e as 11.00 horas de cada día, sendo este descanso distribuído polos encargados das seccións correspondentes.

Artigo 17º.-Vacantes e ascensos.

Por corresponderlle a empresa a facultade organizativa do traballo, as vacantes que se produzan nela, concederáselle a opción para cubrilas ao persoal fixo da propia empresa, sempre e cando o candidato reúna as aptitudes que, a xuízo da dirección, sexan exixibles para ocupar o posto vacante; caso contrario a empresa quedará en liberdade de contratar os servizos de persoal alleo a ela.

Fíxase en dous anos o período máximo que un traballador pode permanecer en cada un dos niveis 3 e 2 da categoría de auxiliar administrativo, e 4, 3 e 2 da categoría de axudante de máquinas.

Artigo 18º

As substitucións dos carretilleiros da empresa que se produzan por ausencias derivadas de incapacidade laboral, vacacións ou permisos, serán efectuadas polo persoal fixo discontinuo, a través de contratos de interinidade, sempre e cando estes reúnan, a xuízo da empresa, os coñecementos e aptitudes necesarios para desenvolver o dito posto de traballo, significando que se o traballador substituído non se incorporase ao seu posto de traballo como consecuencia de falecemento, incapacidade permanente ou baixa voluntaria, darase por rematado o contrato de interinidade sen ningún dereito a que o substituto se quede coa praza en propiedade.

Artigo 19º.-Comisión paritaria.

A comisión paritaria está formada, en canto á empresa, por Teófilo Cenicerros Gallego; Adolfo Viéitez Davila e Jacinto Salvador Fernández, e por parte dos traballadores, por José Manuel Campelos López; Santiago Mata Hermida e Santiago Fernández Pérez.

Artigo 20º

Asinan o presente convenio, por parte da empresa: Teófilo Cenicerros Gallego (director xeral); Jacinto Salvador Fernández (director administrativo); Adolfo Viéitez Davila (director de planta) e Esperanza Riobó Ibáñez (xefa de sección).

Como asesores da empresa, Manuel Blázquez Pallarés e Míriam Blázquez Astorga.

E por parte dos traballadores, asinan os membros do comité de empresa, José Fernández González; Santiago Mata Hermida e Santiago Fernández Pérez, e non asinan Luciano Villar Rodríguez e José Manuel Campelos López.

Vigo, setembro de 2004.

Pola empresa: Teófilo Cenicerros Gallego (director xeral), Jacinto Salvador Fernández (director administrativo), Adolfo Viéitez Davila (director de planta), Esperanza Riobó Ibáñez (xefa de sección). Como asesores: Manuel Blázquez Pallarés, Míriam Blázquez Astorga.

Polos traballadores: José Fernández González, Luciano Villar Rodríguez, Santiago Mata Hermida, José M. Campelos López, Santiago Fernández Pérez. Como asesores: Miguel Carballido Álvarez.

Anexo convenio 2004-2006. Táboa salarial (provisional 2004)

Categoría	Soldo base	Complemento convenio	Tox. penoso ou nocturno	Grat. voluntaria	Total mes	Cuadrenio
Director administrativo	887,80	297,11	-	707,43	1.892,34	50,65
Xefe sección	754,01	278,99	-	530,54	1.563,54	43,00

Oficial 1ª administrativo	754,01	271,91	-	442,19	1.468,11	43,00
Oficial 2ª administrativo	712,41	236,55	-	257,81	1.206,77	40,62
Oficial 3ª administrativo	670,18	222,52	-	242,56	1.135,26	38,11
Auxiliar admtvo. nivel 1	624,85	218,88	-	250,68	1.094,11	35,52
Auxiliar admtvo. nivel 2	448,88	149,01	-	162,47	760,36	25,52
Auxiliar admtvo. nivel 3	424,81	141,05	-	153,76	719,62	24,15
Telefonista	400,80	133,08	-	145,05	678,93	22,96
Aprendiz admtvo.	392,75	130,42	-	142,14	665,31	22,32
Botóns/ordenanza	384,74	127,75	-	139,24	651,73	21,87
Xefe de sección	754,01	278,99	-	530,54	1.563,54	43,00

Oficial 1ª	704,04	212,19	140,79	194,05	1.251,07	40,04
Oficial 2ª	693,66	190,21	138,72	196,44	1.219,03	39,45
Oficial 3ª	643,46	193,91	128,69	177,37	1.143,43	36,59
Peón especialista	624,84	188,28	124,97	172,21	1.110,30	35,63
Axudante	666,58	197,63	133,32	97,51	1.095,04	37,88
Peón estibador	579,13	107,85	115,81	-	802,79	32,93
Peón	500,70	93,29	100,16	-	694,15	28,47
Xefe de sección	754,01	278,99	-	530,54	1.563,54	43,00
Maquinista	731,75	218,88	146,36	195,25	1.292,24	41,62

Oficial 1ª maquinista	725,58	211,52	145,13	172,17	1.254,40	41,25
Oficial 2ª maquinista	693,66	190,21	138,72	196,44	1.219,03	39,45
Axudante máquinas N-1	666,56	191,03	133,32	145,25	1.136,16	37,87
Axudante máquinas N-2	666,56	191,03	133,32	104,16	1.095,07	37,87
Axudante máquinas N-3	477,69	136,88	95,53	104,11	814,21	27,17
Axudante máquinas N-4	398,04	114,08	79,60	86,75	678,47	22,64
Vixiante	481,50	121,51	48,14	168,85	820,00	27,38
Persoal de limpeza	439,05	114,72	-	130,97	684,74	24,96